

## Consellos Básicos

- Usa distintas contrasinais, as cales serán máis seguras se se fai unha mestura de caracteres especiais, números e maiúsculas e facer copias de seguridade cada certo tempo, de aquilo que non queiras perder. Estas últimas débense almacenar fora do PC.

- Evita descargar ou abrir ningún arquivo que veña por correo electrónico se non sabes quen é o remitente, podería ser un troiano. O mellor é reportar por spam e borrar o correo.

- Non fagas caso a páxinas que digan que tes problemas no teu ordenador e che digan de instalar algo. Un caso parecido é cando se descarga por internet por páxinas intermediarias coma ad.fly, poden pedirche autorización para unha descarga, asegúrate de que só descargas o que estabas buscando.

- Asegúrate de ter activos o firewall e o antivirus, son xunto a prudencia, as únicas defensas que tes contra o software malicioso ou malware.

- Tenta de visitar soamente páxinas que comezan por "https", significa que son seguras.

## Que facer cando che atacan

1. Corta a conexión a Internet.
2. Non executes ningún programa pois podería estar infectado
3. Indícalle ao antivirus que faga unha análise do equipo para identificar programas maliciosos e arquivos danados
4. Tenta eliminar o malware coa axuda do antivirus ou un antispyware dependendo do problema



Virus



Retrovirus

## Despois do ataque

Cando se teña certeza de que o malware foi eliminado, pódese restaurar a copia de seguridade minimizando así os danos causados. Unha recomendación é buscar información sobre o malware en cuestión para aprender a prevelo con maior eficacia.

## Casos curiosos

Tamén existiron algúns hackers con moi bo humor e moito tempo libre como o caso no que hackearon a conta de Twitter de Burger King e a cambiaron totalmente poñéndolle unha foto e logo de McDonald's e publicando que esta empresa fora vendida á competencia.



Outro caso bastante curioso é o da base de operacións iraní a cal foi hackeada facendo que todos os ordenadores desta se apagasen e prendesen aleatoriamente mentres de fondo soaba a famosa canción "Thunderstruck" de AC/DC

Pero non todo é humor, pois realmente moitos hackers foron contratados por grandes empresas, por exemplo o departamento de defensa de estados unidos contrata 250 hackers por ano para defenderse